



INDICACIÓNS INICIO DE CURSO 22/23

- As actividades lectivas comezarán o **Xoves 8 de Setembro ás 9:00h para todo o alumnado**. Acto de presentación do curso académico 9:00h horas no pavillón. **Este día as clases rematarán no horario ordinario (14:35h)**.
- O alumnado agardará no patio superior para ser conducido ao acto de presentación, onde se lle asignará o grupo e titor/a correspondente, seguindo criterios organizativos e pedagóxicos.
- Ese día xa haberá **transporte escolar** ([paradas coas rutas e horarios na web do centro](#)),
- **Comunicación coas familias:** é fundamental que todos os pais/nais/titores legais do alumnado teñan instalada no seu teléfono móbil a aplicación [Abalar Móbil](#) da Consellería de educación. (Se teñen dificultades, consultade as [guías na web](#) ou chamade ao centro).
- **Material:** O *primeiro día de clase* o alumnado unicamente debe traer como *material papel e bolígrafo*. **O alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO traerá o primeiro día o seu ordenador Edixgal cargado**. Nos seguintes días de clase cada profesor indicarlle ao alumnado o material necesario para cada materia. O alumnado debe *anotalo na axenda que lle entrega o centro*. (Teñen que comezar a ser autónomos)
- Os **ordenadores do proxecto Edixgal** serán entregados nas primeiras semanas, Lembrar que é un **préstamo da consellería e en caso de rotura as familias deberán correr cos gastos da reparación**. (A consellería ofrece a posibilidade de contratar un seguro). [Toda a información nesta web](#).
- **Libros de texto:** (como xa se informou con anterioridade):
 - **Alumnado de 2º e 4º** :recoméndase non mercar os libros de momento, xa que dende o centro, trataremos de proporcionar os libros que non entran en E-Dixgal ao alumnado, para iso utilizaremos ata esgotarse o fondo de libros existente no centro. *Repartiranse ata esgotar ás existencias 1 libro por alumno, comezando pola letra "L" (segundo sorteo realizado no consello escolar) do primeiro apelido do alumnado de cada nivel educativo. No caso de non chegar as existencias será cando o alumnado deberá mercar os libros que lle falten.*
 - **Alumnado de 1º e 3º: pode ir mercando os libros**, xa que nestes cursos entra unha nova lei educativa (LOMLOE) cun currículo novo, os libros son diferentes aos do curso pasado, polo que non dispoñemos de libros no fondo do centro.
 - **En 1º e 2º ESO ,o libro de Francés é recomendable agardar ao inicio de curso para mercalo.**
- As familias quedan convidadas ao acto de apertura do curso escolar

Un saúdo

A Dirección